



DECRETO DA PRESIDENCIA

ASUNTO: Criterios de interpretación bolsa bombeiro-condutor - Base 16 Funcionamento
EXPEDIENTE: 2023/G003/000514 **EXPEDIENTE ORIXE** 2023/X999/000279

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, Don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe proposta emitido pola Xerencia o día 10.11.2023 con seguinte teor literal:

Por Decreto da Presidencia núm. 143/2019 de data 02.12.2019 foron aprobadas as Bases reguladoras da convocatoria dun concurso-oposición para a creación dunha bolsa de emprego temporal de bombeiro-condutor para atender necesidades temporais e interinidades no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña; que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 233 de data 09.12.2019. (Corrección de erros Decreto da Presidencia núm. 147/2019 de data 12.12.2019 (Boletín Oficial da Provincia núm. 238 de data 16.12.2019), Decreto da Presidencia núm. 03/2020 de data 09.01.2020 (Boletín Oficial da Provincia núm. 6 de data 10.01.2020) e Decreto da Presidencia núm. 35/2020 de data 04.03.2020 (Boletín Oficial da Provincial núm. 47 de data 10.03.2020).

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, mediante Resolución da Presidencia núm. 98/2020, do 12.06.2020 aprobouse o listado provisional de admitidos ao proceso de selección, outorgándose un prazo de tres días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita resolución no taboleiro de anuncios do Consorcio, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio (15.06.2020) para emendas.

Finalizado o mencionado prazo, e de conformidade co establecido na Base 8 das que regulan a convocatoria, mediante Decreto da Presidencia núm. 103/2020 de 26.06.2020 aprobouse a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo, convocando ao tribunal para a valoración dos méritos dos aspirantes, correspondentes á fase de concurso.

Rematada a fase de concurso, logo das reunións do tribunal para a valoración de méritos realizas os días 29.06.2020, 01.07.2020 e 03.07.2020, convocouse aos aspirantes para a realización das probas físicas correspondentes á fase de oposición, que tiveron lugar o día 09.07.2020.

Logo da resolución das alegacións polo tribunal, mediante Decreto da Presidencia núm. 121/2020, de 07.08.2020 aprobouse a bolsa de emprego temporal de bombeiro-condutor para atender necesidades temporais e interinidades no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, que inicialmente quedaría integrada por aquelas persoas que tiveran superada a fase de concurso-oposición e tivesen acreditado calquera dos supostos que lle eximen da realización do curso de formación da base 11, das reguladoras do proceso de selección. O resto de aspirantes, unha vez superada a proba de avaliación sobre a formación recibida durante o mesmo, incorpóranse á bolsa no posto que lle corresponda segundo a cualificación obtida na fase de concurso.

A base 16 da bolsa de bombeiro-condutor regula os chamamentos e ten o seguinte teor literal:

«(...)

A inclusión na bolsa de emprego non outorga dereito ningún a favor das persoas incorporadas nela, senón exclusivamente expectativa de chamamento, nos casos en que se produzan vacantes ás que se refire esta e os órganos competentes do Consorcio acorden a súa cobertura.

As persoas integrantes da bolsa deberán realizar un recoñecemento médico e cumprir coas obrigas de información en materia de prevención de riscos laborais con carácter previo ao exercicio da súa actividade. A negativa a realizar este recoñecemento, así como a recibir a información sobre riscos laborais, ou a non superación destas, suporá a inmediata exclusión da bolsa de traballo.

A bolsa terá carácter rotatorio, establecéndose a relación laboral polo tempo estritamente necesario para a substitución dos traballadores do Consorcio, dentro das categorías previstas nestas bases.



As contratacións faranse seguindo a orde establecida na bolsa, de xeito que a primeira contratación que se produza será a da primeira persoa na listaxe.

Finalizada a relación laboral que se orixine o bolseiro incorporarase inmediatamente á bolsa, correspondéndolle o posto que ocupaba segundo a súa puntuación obtida no concurso.

A forma normal de localización será vía correo electrónico, sistemas de mensaxería instantánea (WhastApp, Telegram, etc) ou chamada telefónica, de conformidade cos datos consignados na solicitude, que deberán ser debidamente comunicados por escrito en caso de cambio ou variación, sendo responsabilidade exclusiva da persoa solicitante tanto os erros na súa consignación como a falta de comunicación de calquera cambio.

Cando o Consorcio faga a dita comunicación concederase un tempo de 15' (quince minutos) para a aceptación/non aceptación da proposta de substitución.

En caso de realizarse un chamamento urxente, o xefe de Parque correspondente contactará telefonicamente, por orde, con todas as persoas integrantes da listaxe, e proporá ao primeiro co que se logre contactar, este deberá tomar posesión no prazo máis breve de tempo desde o momento en que reciba a notificación.

Dos mencionados contactos (chamadas, correos electrónicos, whastApp, etc.) deberá quedar constancia.

Ao persoal de bolsa seralle de aplicación a normativa vixente en materia de incompatibilidades. Será causa de baixa na bolsa:

- 1. Rexeitar unha oferta sen causa xustificada.*
 - 2. Renunciar a un nomeamento despois de comprometerse a facelo, ou abandono do posto de traballo unha vez nomeado, sen causa de forza maior.*
 - 3. Incumprimento das normas sobre incompatibilidades.*
 - 4. Falsidade na documentación presentada.*
 - 5. A non presentación da documentación precisa para a normalización do nomeamento.*
 - 6. A revogación do nomeamento por motivos disciplinarios.*
 - 7. A negativa a someterse a revisión médica e a información de riscos laborais, ou a non superación da revisión médica.*
 - 8. A negativa a acudir a convocatorias de formación do Consorcio, salvo causa xustificada.*
 - 9. O incumprimento sobrevido dos requisitos esixidos na base quinta desta convocatoria*
- A baixa será para todo o período de vixencia da bolsa.*

Considéranse causas xustificadas para rexeitar unha oferta, non dando lugar a baixa na bolsa:

- Estar traballando cando se lle realice a oferta.*
- Estar en situación de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade ou risco durante o embarazo. (...)*

Logo de ver que se veñen de presentar varias solicitudes relativas ao funcionamento dos chamamentos da bolsa de bombeiro condutor, cómpre establecer uns criterios de interpretación da base 16 da bolsa de bombeiro condutor.

Ao abeiro do exposto no artigo 16 dos Estatutos reguladores do Consorcio propónse á Presidencia a adopción da seguinte

RESOLUCIÓN :

PRIMEIRO.- Establecer os seguintes criterios de interpretación da base 16 que regula o funcionamento da bolsa de bombeiro-condutor:

- 1.** Se o aspirante está prestando servizos neste consorcio non se lle ofertará ningún posto de traballo ata que non conclúa a súa relación laboral agás que se oferte unha vacante.



2.As persoas integrantes das listas estarán nalgunha das seguintes situacións:

- Activo: cando a persoa aspirante estea contratado nun posto que lle fora ofertado.
- Dispoñible: cando a persoa aspirante estea á espera de recibir unha oferta de contratación temporal.
- En suspensión: poderá voluntariamente o aspirante solicitar poñerse nesta situación, de conformidade coas causas recollidas nas bases da bolsa, cando a persoa aspirante rexeite unha contratación por causa xustificada e debidamente acreditada. Esta situación implicará a suspensión dos chamamentos e permite manter o número de orde na listaxe. Prolongarase durante o tempo que se manteña a causa que a motiva e deberá de acreditarse documentalmentemente no prazo de dous días hábiles.

Para volver a reactivarse como dispoñible, despois de estar en estado de suspensión, deberá acreditarse que a causa de suspensión permaneceu ata a solicitude de reactivación, tendo un prazo de 2 días hábiles para comunicar a nova situación dende o fin da causa que a motivou.

No caso de que o aspirante non solicite poñerse en suspensión, a pesar de ter unha causa xustificada para o rexeitamento, deberá acreditar en cada chamamento o motivo da renuncia.

- Excluído: cando a persoa aspirante rexeite unha oferta sen acreditar unha causa xustificada para pasar á situación de suspensión e o resto de causas enumeradas nas bases da bolsa.

SEGUNDO.- Dar traslado desta resolución ao Comité de Empresa.

TERCEIRO.- Publicar a resolución no taboleiro de anuncios en na páxina web do consorcio.

(...)>>

RESOLVO :

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta no seus mesmos termos.

QUINTO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da publicación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

En Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria Interventora,
Asdo.: Graciela Rivero Moreira